

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP VIRXE DA BARCA (15009676)
CURSO: 6º DE EDUCACIÓN INFANTIL (5 ANOS)

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS E COMPETENCIAS.
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN MÍNIMOS E COMPETENCIAS.

De seguido expóranse os criterios de avaliación divididos nas distintas áreas, que determinarán o nivel de aprendizaxes adquiridos, e o nivel de desenvolvementos das distintas competencias básicas en virtude do ritmo e das características de cada neno e cada nena.

Área do coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.

- Formarse unha autoimaxe positiva de si mesmo.
- Avanzar no grao de autonomía persoal e avanzar no dominio da motricidade fina, grosa e na coordinación óculo manual na realización de tarefas da vida diaria.
- Mostrar actitudes de respecto polas diferenzas individuais de cada un coma o sexo, etnia, cultura...
- Identificar as súas propias características, posibilidades e limitacións e respectar as dos demais.
- Identificar e representar o corpo de forma global, e identificar as súas partes e funcións das mesmas.
- Controlar e reproducir cada vez con maior precisión distintos xestos e movementos.
- Adecuar o comportamento ás propias necesidades ás das outras persoas, e desenvolver actitudes de respecto, axuda e colaboración.
- Adquirir hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, alimentación, saúde e descanso.
- Progresa na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación das tarefas.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio de disfrute, diversión así coma para o seu desenvolvemento así coma aceptar as regras dos mesmos.

Área do coñecemento do contorno.

- Explorar os obxectos e elementos do contorno e as súas calidades.
- Agrupar, clasificar e ordenar elementos e coleccións segundo distintos criterios.
- Empregar os números para identificar, contar, clasificar, informarse e ordenar elementos da realidade.
- Resolver problemas sinxelos relacionados con situacións cotiás.
- Recoñecer algúns aspectos xeométricos básicos: liñas, puntos, rectángulos, cadrados, triángulos, círculos, esferas, cubos e prismas.
- Empregar as nocións básicas espaciais (arriba, abaixo; dentro, fora; cerca, lonxe...) en actividades de orientación e de representación.
- Usar e comprender nocións temporais básicas ordenando feitos referidos a súa vida con: antes e despois, mañá e tarde, día e noite, onte-hoxe-mañá...
- Dar mostras de interese polo medio natural e os seus cambios.
- Manifestar actitudes de coidado e respecto cara a natureza
- Relacionarse coas demais persoas interiorizando pautas de comportamento social
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis significativos do contorno do alumnado e algunhas características da súa organización. (familia, escola, veciñanza).
- Establecer relacións de confianza e afecto cos seus iguais.
- Colaborar nas normas, participar na aula e nas tarefas propostas o longo do curso
- Respectar as normas e valores da sociedade así como ás persoas que forman parte dela

- Apreciar os elementos, tradicións e festas propias da cultura Galega.
- Identificar, representar e empregar os números en situacións funcionais e significativas
- Identificar e usar correctamente conceptos básicos de cantidade.

Área de linguaxes: comunicación e representación.

- Utilizar a linguaxe corporal para expresar ideas e sentimentos e como medio de comunicación.
- Empregar a linguaxe oral en distintas situacións da vida da aula.
- Empregar distintas formas de comunicación non verbal para expresar o que pensamos, as nosas experiencias e ideas.
- Mostrar interese e gozo pola aprendizaxe e participación en situacións comunicativas coma na asemblea
- Identificar distintas palabras e frases significativas.
- Iniciarse no código escrito a través de palabras e frases empregadas en contextos significativos e funcionais.
- Comprender e recrear pequenos textos traballados na clase coma poesías, cancións , refráns,..
- Desfrutar da escoita e lectura en voz alta de textos literarios: contos, relatos, lendas, poesías...
- Iniciarse no uso da biblioteca do centro e da aula
- Potenciar a capacidade creativa a través de distintas técnicas.
- Achegarse ó coñecemento de diferentes obras tanto literarias coma artísticas
- Empregar a música e os seus elementos como forma de comunicación e representación.
- Manter unha actitude positiva cara á lingua estranxeira.
- Desenvolver a autoconfianza nas producións artísticas persoais e respectar e valorar as das demais persoas
- Iniciarse no emprego das Tic e outras ferramentas tecnolóxicas e valorar criticamente o seu uso.

2. AVALIACIÓN.

A Avaliación en educación infantil, regulada na nosa comunidade autónoma pola orde do 25 de xuño de 2009, caracterízase por ser:

- Global porque vou avaliar o alumnado e todas as súas competencias ademais do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- Continua porque se realiza o longo do curso, especialmente o principio de curso para adaptar a nosa programación.
- E formativa, xa que permitirá mellorar tanto os procesos como os resultados da miña intervención.

Estas particularidades da avaliación posibilitánnos levala a cabo en varios momentos (ao inicio, de forma continua e ao final.

Na avaliación **inicial**, estudarei a información previa que me proporcionaron do neno e procurarei coidar e observar as condutas do mesmo na aula

A avaliación **continua**, réalzoa ao longo de todo o curso e terei en conta en todo momento as necesidades do alumnado polo que poderei modificar os tempos de duración das actividades, as tarefas, introducir novos materiais...

Por último farei unha avaliación **final**, ao rematar cada unidade didáctica, ao remate de cada trimestre (onde se envía un informe persoal e individualizado ás familias) e ao remate do curso.

Empregarei como técnicas de avaliación a observación directa e sistemática, a análise das producións dos nenos e das nenas e as entrevistas cos pais e titores legais.

Como instrumentos de avaliación usarei:

As escalas de estimación onde figuraran todos os indicadores e o nivel que acada o neno nese indicador (sempre, case sempre, as veces, case nunca, nunca) e utilizarei o diario da clase onde irei apuntando as cousas que imos facendo todos os días e como van saíndo as actividades programadas.

Para concluír, dicir que nesta avaliación cualitativa, terei sempre en conta:

- ✓ A organización da aula, o clima escolar, a interacción entre o alumnado e as relacións entre o profesorado e o alumnado.
- ✓ A adecuación da mina proposta pedagóxica e metodolóxica.
- ✓ A evolución no proceso de aprendizaxe do alumnado.
- ✓ As entrevistas e información facilitada polos especialistas.

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REFORZO, REPASO, E NO SEU CASO AMPLIACIÓN)

Polo que respecta a metodoloxía neste 3º trimestre vai ser distinta ás anteriores pola situación que estamos a vivir. Nesta avaliación temos unha metodoloxía a distancia onde se lle proporcionan pautas as familias e unha serie de actividades tanto a través da páxina web do centro (www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedabarca) como a través do canle de comunicación, que se estableceu tras acordalo coas familias do meu alumnado, vía un grupo de WhatsApp. Estes contactos proporcionan a posibilidade de facer un seguimento do traballo diario que os pequenos e pequenas están a realizar nos seus domicilios.

Como actividades destacar, todo que se puxo ao alcance das familias dende, o que se colgou na web do centro como tamén algún material específico que se lle enviou ao grupo de alumnos ou alumno concreto. Ao inicio do confinamento establecéronse unhas recomendación para educación infantil no que se abordaban os distintos tipos de actividades para favorecer a linguaxe oral, a iniciación na lectoescritura, a lóxica matemática, as actividades plásticas e musicais así como actividades para favorecer a autonomía e a motricidade grosa. Envióuselle un conxunto de material para traballar a motricidade fina, lóxica matemática, a lecto escritura e unha guía con imaxes de actividades significativas. Ao mesmo tempo, fóronse publicando máis contidos na web como o xogo do coronavirus para fomentar o lavado de mans (tan importante neste momento), engadíronse propostas de audiocontos co fin de traballar a escoita activa e a atención, diversos contos e recomendacións de recursos tic's e actividades interactivas. Tamén se publicaron recursos que algunha editorial puxo a nosa disposición, así como material aportando dende o equipo de orientación para infantil como os talleres de estimulación da linguaxe e o traballo da emocións neste etapa.

Materiais e recursos. Enlaces educativos de internet, material elaborado pola mestra, ordenador e impresora.

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información ó alumnado e ás súas familias. En primeira instancia a comunicación foi a través da web e nos días seguintes, tras acordalo coas familias, establecemos como método de contacto, para favorecer a comunicación

e como **canle de información e contacto**, tanto cos nenos como cos pais e nais, a rede de mensaxería WhatsApp, nun grupo no que participa a totalidade da clase, aportando fotos do seu día a día, audios, algunha videochamada e demais contactos, titorizando ás familias no proceso de aprendizaxe dos nenos e nenas .

Co fin de publicitar a información referente as propostas e actividades asignadas (para que podan facelas na casa na medida do posible) utilizouse a páxina web do centro e tamén o grupo de mensaxes para que reciban as propostas de forma directa e instantánea, polo que xa non precisamos da comunicación vía abalarMóbil.